BOP DEPUTACIÓN DE LUGO
MÉRCORES, 21 DE XULLO DE 2021 N.º 165
boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal
Dep. Legal: LU-1-1968
Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

# XUNTA DE GALICIA

## CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE. AUGAS DE GALICIA. SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

María Teresa Rivas Ventoso solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.73887

As obras solicitadas consisten na substitución dun muro opaco no predio con referencia catastral 27027C004010080000DX; na zona de policía do rego das Curuxeiras e do rego Batán; no lugar das Carroceiras, na parroquia de San Xurxo de Lourenzá, no concello de Lourenzá (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Lourenzá ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 13 de xullo de 2021.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2150

---

# CONCELLOS

## BECERREÁ

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía, de data 09/07/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xuño do 2021 do prezo público pola prestación do servicio de axuda a domicilio.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago do prezo público, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 09/09/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2021 (21/07/2021 08:00:00)

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento.

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 12 de xullo de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2151

---

*Anuncio*

**EXPOSICIÓN AO PÚBLICO**

Por Decreto da Alcaldía de data 08/07/2021, prestouse aprobación inicial ao padrón correspondente ao mes de xullo do 2021 da taxa pola prestación do servicio de Gardería Infantil.

Conforme ao disposto no artigo 102.3 da Lei Xeral Tributaria, por medio do presente ponse en coñecemento dos contribuíntes obrigados ao pago da taxa, que dispoñen dun prazo de quince días, contados a partir da publicación do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, ao obxecto de que poidan ser examinados e presenta-las reclamacións que estimen pertinentes, entendéndose elevados a definitivos se, transcorrido o prazo de exposición pública, non se formulara ningunha reclamación contra os mesmos.

Así mesmo, e de conformidade co artigo 253.1 da Lei Xeral Tributaria, poderán interpoñer recurso de reposición ante a Alcaldía no prazo dun mes, que comezará a contar dende o día seguinte ao da finalización do período voluntario de pagamento.

Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos que a tal efecto se establecen na Lei Reguladora da referida xurisdicción.

Non obstante, poderán interpoñer calquera outro recurso que consideren oportuno.

**ANUNCIO DE COBRANZA**

De conformidade co disposto no artigos 24 e 25 do Regulamento xeral de recadación (R.D. 939/2005), do 29 de xullo, fíxase como prazo de ingreso, en período voluntario, ata o 08/09/2021. Para o cobro dos mesmos, os contribuíntes que teñan domiciliados os recibos, estes seranlles cargados nas contas bancarias respectivas.

Para o resto dos contribuíntes, os recibos seranlles enviados ó enderezo declarado do suxeito pasivo por correo ordinario para que poidan efectúa-lo pago en calquera oficina de Abanca. No caso de non recibilos, obrigado ó pagamento deberá personarse nas oficinas municipais para obter un duplicado xa que a súa non recepción no domicilio non exonera da obriga de pagamento nin impide a utilización da vía de constrinximento

Transcorrido o prazo de pago en período voluntario, iniciarase o período executivo que determina a esixencia dos xuros de demora e dos recargos do período executivo nos termos dos artigos 26 e 28 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, e no seu caso das costas do procedemento de constrinximento; de acordo co establecido no artigo 161 de dita Lei, procederase á súa recadación pola vía administrativa de constrinximento, segundo o preceptuado no Regulamento Xeral de Recadación. O recargo será do 5 por 100 cando a débeda non ingresada en período voluntario se satisfaga na súa totalidade antes da notificación ao debedor da providencia de apremio, de acordo co previsto no artigo 28.2 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria, para o que deberán acudir ás oficinas municipais para o selado dos correspondentes recibos.

A presente publicación, nos dous supostos, de edicto de exposición ao público dos padróns e anuncio de cobranza en fase voluntaria, ten o carácter de notificación colectiva, ao amparo do establecido no artigo 102 da indicada Lei Xeral Tributaria.

Becerreá, 9 de xullo de 2021.- O Alcalde, Manuel Martínez Núñez.

R. 2152

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2021 (21/07/2021 08:00:00)

# BÓVEDA

*Anuncio*

Mediante Resolución de Alcaldía do 13/07/2021, aprobáronse as bases xerais que rexerán o procedemento para a selección de 7 postos da brigada de prevención e defensa contra incencios forestais durante o ano 2021, como persoal laboral temporal, a xornada completa (100%), cunha duración de 3 meses.

As persoas traballadoras a contratar son as seguintes:

- 2 condutores/as de vehículo de motobomba
- 1 xefe/a de brigada
- 1 peón ou peoa -condutor/a de vehículo de brigada
- 3 peóns ou peoas forestais

Segundo o disposto na base quinta (5ª), as instancias dirixidas ao Sr. Alcalde, presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, en horario de oficina, -09:30 / 13:30 horas-, durante o prazo de **cinco (5) días naturais**, comenzando a computarse o dito prazo a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Igualmente, as instancias poderán presentarse no Rexistro Electrónico xeral do Concello de Bóveda (**https://concellodeboveda.sedelectronica.es)** ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As citadas bases publicaranse na sede electrónica deste Concello **https:/concellodeboveda.sedelectronica.es** (taboleiro de anuncios) e no taboleiro de anuncios físico do Concello, podendo consultarse tamén nas oficinas municipais en horario de atención ao público.

Bóveda, 13 de xullo de 2021.- O Alcalde-Presidente, Jose Manuel Arias López.

R. 2153

---

# POL

*Anuncio*

En cumprimento de canto dispón o artigo 212 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e unha vez que foi debidamente informada pola Comisión Especial de Contas, exponse ao público a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2020, por un prazo de quince días, durante os cales, e oito máis, quen se estimen interesados poderán presentar as reclamacións, reparos ou observacións que consideren.

En Pol, 13 de xullo de 2021.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2154

---

*Anuncio*

**APROBACIÓN INICIAL ORZAMENTO MUNICIPAL**

Aprobado inicialmente en sesión extraordinaria do Pleno deste Concello, de data 9 de xullo de 2021, o Orzamento Xeral, Bases de Execución, anexo plantilla de persoal, anexo de investimentos, memoria explicativa, informes de secretaría e intervención para o exercicio económico 2021, con arranxo ao previsto no art. 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo e o artigo 20 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación preceptiva por prazo de 15 días dende a publicación deste anuncio, aos efectos de reclamacións e alegacións.

Durante dito prazo poderá ser examinado por calquera interesado, nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co acordo adoptado, o Orzamento considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo, non se presentan reclamacións.

Pol, 13 de xullo de 2021.- O Alcalde, Lino Rodríguez Ónega.

R. 2155

---

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2021 (21/07/2021 08:00:00)

# MINISTERIO DE FACENDA

## BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNS (BDNS) – DEPUTACIÓN

*Anuncio*

EXTRACTO DA RESOLUCIÓN DE PRESIDENCIA DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO DE DATA 19 DE XULLO DE 2021

BDNS (Identif.): 561160

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/561160)

De conformidad co previsto nos artígos 17.3b e 20.8ª da Lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral

de Subvencións publicarase o extracto da modificación da convocatoria que conta co texto

completo e pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvenciones.

(http:// www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans).

Modificación das bases do Programa Bono Impulso DEPUTACIÓN DE LUGO (BONO PARA

HOSTELERIA E COMERCIO LOCAL), que quedan redactadas cos seguintes cambios:

BASE 4

Onde dí:

"(...)

Os gastos bonificados son os realizados desde o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo ata o 31 de agosto de 2021, coa excepción dos bonos procedentes do sorteo que se habilitará un período adicional de 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web."

Debe dicir:

"(...)

Os gastos bonificados son os realizados desde o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo ata o 30 de setembro de 2021, coa excepción dos bonos procedentes do sorteo que se habilitará un período adicional de 15 días hábiles dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web."

BASE 9

Onde di:

"(...)

Organizarase unha cuarta fase no caso de que finalizada a fase III queden bonos pendentes de asignar, procedéndose do seguinte modo: publicarase unha listaxe dos bonos pendentes por concello, esta listaxe actualizarase cada 10 días na páxina web, condicionado ao volume de solicitudes. Abrirase un prazo ininterrompido ata o 15 de xullo de 2021 para a súa concesión."

(...)

Na quinta fase, finalizado o prazo máximo para o consumo (31 de agosto de 2021), en caso de seguir existindo bonos sen asignar, procederase a un sorteo entre os solicitantes reserva e, no caso de ser necesario, entre o total dos consumidores a través dun acto público tal e como se indica no Base 13."

Debe Dicir:

"(...)

Organizarase unha cuarta fase no caso de que finalizada a fase III queden bonos pendentes de asignar, procedéndose do seguinte modo: publicarase unha listaxe dos bonos pendentes por

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2021 (21/07/2021 08:00:00)

concello, esta listaxe actualizarase cada 10 días na páxina web, condicionado ao volume de solicitudes. Abrirase un prazo ininterrompido ata o 31 de xullo de 2021 para a súa concesión."

(...)

Na quinta fase, finalizado o prazo máximo para o consumo (30 de setembro de 2021), en caso de seguir existindo bonos sen asignar, procederase a un sorteo entre os solicitantes reserva e, no caso de ser necesario, entre o total dos consumidores a través dun acto público tal e como se indica no Base 13."

BASE 10

Onde dí:

"(...)

Os establecementos adheridos ao programa poderán facer efectivos os bonos aplicados ao finalizar o período de consumo e ata a data límite do 31 de agosto de 2021, na fase III e IV e ata 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación no BOP e a páxina web da concesión do bono a través do sorteo, sendo tramitado coa maior celeridade por parte dos distintos departamentos da Deputación de Lugo."

(...)

O prazo máximo para presentar a conta xustificativa será o 15 de setembro e habilitarase un proceso especial para os outorgados mediante sorteo habilitándose 15 días hábiles dende o día seguinte á finalización do prazo de consumo outorgado."

Debe dicir:

"(...)

Os establecementos adheridos ao programa poderán facer efectivos os bonos aplicados ao finalizar o período de consumo e ata a data límite do 30 de setembro de 2021, na fase III e IV e ata 15 días hábiles desde o día seguinte á publicación no BOP e a páxina web da concesión do bono a través do sorteo, sendo tramitado coa maior celeridade por parte dos distintos departamentos da Deputa-ción de Lugo."

(...)

O prazo máximo para presentar a conta xustificativa será dende o 1 ata o 15 de outubro de 2021.e habilitarase un proceso especial para os outorgados mediante sorteo habilitándose 15 días hábiles dende o día seguinte á finalización do prazo de consumo outorgado."

BASE 13

Onde di:

"(...)

No caso de existencia de bonos sen asignar despois do mencionado prazo, publicarase unha listaxe cos bonos pendentes por concello e abrirase un novo prazo ininterrompido ata o 15 de xullo de 2021."

(...)

3) O prazo para facer efectivo o uso do bono será dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo, ata o 31 de agosto de 2021, a partir deste intre os bonos perderán a súa validez como medio de pago."

(...)

5) Finalizado o período de consumo (31 de agosto de 2021), tras a comprobación por parte do órgano xestor detectásense bonos sen asignar realizarase un sorteo. Devandito sorteo

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2021 (21/07/2021 08:00:00)

desenvolverase da seguinte maneira:"

(...)

4) O prazo para a xustificación por parte dos establecementos adheridos será ata o 15 de setembro de 2021."

Debe Dicir:

"(...)

No caso de existencia de bonos sen asignar despois do mencionado prazo, publicarase unha listaxe cos bonos pendentes por concello e abrirase un novo prazo ininterrompido ata o 31 de xullo de 2021."

(...)

3) O prazo para facer efectivo o uso do bono será dende o día seguinte á publicación dos consumidores no BOP e a páxina web de Deputación de Lugo, ata o 30 de setembro de 2021, a partir deste intre os bonos perderán a súa validez como medio de pago."

(...)

5) Finalizado o período de consumo (30 de setembro de 2021), tras a comprobación por parte do órgano xestor detectásense bonos sen asignar realizarase un sorteo. Devandito sorteo desenvolverase da seguinte maneira:"

(...)

4) O prazo para a xustificación por parte dos establecementos adheridos será dende o 1 ata o 15 de outubro de 2021."

BASE 14

Onde di:

"(...)

No caso de que non se asigne o total de bonos por concellos, resolverase de forma periódica a relación de consumidores, ata o 15 de xullo de 2021 incluído."

Debe dicir:

"(...)

No caso de que non se asigne o total de bonos por concellos, resolverase de forma periódica a relación de consumidores, ata o 31 de xullo de 2021 incluído."

Lugo, 19 de xullo de 2021.- O Presidente, PABLO RIVERA CAPÒN (firma Delegada P.d. Decreto de 26-07-2019)

R. 2186

# MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA E O RETO DEMOGRÁFICO

## CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO MIÑO-SIL, O.A. COMISARÍA DE AUGAS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/29543**

El Ayuntamiento de Folgoso do Courel solicita la concesión de un aprovechamiento de 0,614 l/s de agua procedente del Rego das Coiteladas en el término municipal de Folgoso do Courel (Lugo) para abastecimiento al núcleo de Folgoso, usos domésticos y ganaderos.

La captación principal se realiza en un manantial situado en la cuenca del Rego das Coiteladas a través de una tubería que conduce las aguas hasta una arqueta de 1,20×1,10 m desde la que parte una tubería hasta el depósito desde el que se distribuirán las aguas al núcleo de Folgoso.

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2021 (21/07/2021 08:00:00)

Además hay dos captaciones secundarias desde las que parten sendas tuberías que se juntan a medio camino y van a desaguar al decantador de la arqueta principal.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el ayuntamiento de Folgoso do Courel, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 13 de julio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2156

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**A/27/35106**

Marcos Vila Arias en representación de C.M.V.M.C. Serra de Edramo e Alto da Legua solicita la concesión de aprovechamiento de agua procedente de un arroyo en el lugar de San Salvador, en la parroquia de Mao (San Salvador), término municipal de O Incio (Lugo) para extinción de incendios.

La captación se realiza en un arroyo en el que se colocará una tubería con un filtro por la que circulan las aguas hasta el depósito de extinción de incendios de 110 m3.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el Ayuntamiento de O Incio, o en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., sitas en Lugo, Ronda de la Muralla, 131-2ª planta, donde estará de manifiesto el expediente de acuerdo con las normas de consulta derivadas de la situación sanitaria, pudiendo informarse previamente en el teléfono 982 265260 o en email registro.lugo@chminosil.es.

Lugo, 13 de julio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2157

---

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

**Expediente: A/27/35235**

Asunto: Solicitud de concesión de aprovechamiento de aguas

Peticionario: Jesús Angel Nogueira Lence

Nombre de la captación: Manantial

Caudal solicitado: 0,049 l/s

Punto de emplazamiento: As Fontes, en la parroquia de Furco (San Xoán)

Término Municipal y Provincia: Becerreá (Lugo)

Destino: Usos ganaderos

**BREVE DESCRIPCION DE LAS OBRAS Y FINALIDAD:**

La captación se realizará en un manantial mediante una arqueta de 1 m × 1 m y 50 cm de profundidad. Las aguas se conducen mediante tubería a unos depósitos y desde aquí hasta la explotación a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contados a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el plazo indicado, dirigidas a la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A., ante este Organismo, Ayuntamiento de Beerreá, o a través de cualquiera de los medios o registros previstos en la Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

Se hace constar que el expediente estará de manifiesto para su consulta en las oficinas de la Confederación Hidrográfica del Miño-Sil, O.A. (Comisaría de Aguas, Ronda de la Muralla, 131 - 2º Planta – 27001 - LUGO).

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2021 (21/07/2021 08:00:00)

A este respecto, y mientras existan limitaciones de acceso como consecuencia de los riesgos sanitarios derivados del riesgo de contagio de la COVID-19, para acceder al expediente de forma presencial, se deberá de SOLICITAR CITA PREVIA y tener en cuenta las MEDIDAS DE SEGURIDAD que se establezcan.

Lugo, 13 de julio de 2021.- EL JEFE DE SERVICIO, José Manuel Blanco López.

R. 2158

Anuncio publicado en: Num BOP 165 año 2021 (21/07/2021 08:00:00)